



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública e anuncio de cobranza do padrón fiscal das taxas pola subministración de auga e saneamento do 2º trimestre de 2024

EDICTO

A resolución da Alcaldía núm. 1058/2024 do 9 de agosto, aprobou o padrón fiscal das taxas pola subministración de auga e saneamento do 2º trimestre de 2024.

Exposición pública

O padrón aprobado quedará exposto ao público no Concello de Fene polo prazo de 1 MES contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP, para o seu exame e a presentación de reclamacións perante a Alcaldía por parte das persoas interesadas.

Recursos

Contra as débedas municipais consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente edicto, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, regulado no artigo 14.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dentro do prazo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón. O recurso será resolto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación e entenderase rexeitado se non se resolve de maneira expresa no dito prazo.

- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación da resolución do recurso de reposición ou ben, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se teña producido o acto presunto, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso ou reclamación que estimen procedente.

Anuncio de cobranza

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005), comunícase:

Prazo de ingreso: O prazo de ingreso en período voluntario é de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP da Coruña.

Advírtese de que unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario, comezará o período executivo, as débedas pendentes poderán ser esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse a correspondente recarga do período executivo, os xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan no procedemento.

Lugar e modalidade de cobro:

- Pago domiciliado. Os recibos que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas bancarias dos/das clientes.

- Pago en entidade bancaria colaboradora. Os documentos de ingreso dos recibos que non estean domiciliados enviaranse pola empresa concesionaria ao domicilio único da persoa abonada. Este envío non ten o carácter de notificación e a non recepción non exime da súa obriga de pago.

Pode solicitar un duplicado do documento de ingreso persoalmente na oficina de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, sita en Fene, na rúa da Fraga, nº 24, baixo ou na oficina virtual da páxina web: <https://www.viaqua.gal>, onde tamén poderá pagar con tarxeta bancaria.

Canons da auga, xestión de depuradoras e coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia

Consonte ao disposto no Decreto 136/2012, do 31 de maio, advírtese de que a falta de pago dos canons da auga, xestión de depuradoras e coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado, supoñerá a esixencia dos canons directamente ao contribuínte pola vía de prema pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra a repercusión dos canons da auga, xestión de depuradoras e coeficiente de vertedura poderán interpoñer reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente edicto que ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005).

Fene, asinado dixitalmente o 9 de agosto de 2024, polo alcalde, Juventino J. Trigo Rey.

2024/5743